

## COMISIÓN DE PERSOAL (09.04.2026)

Proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición para o ingreso pola quenda de acceso libre e promoción interna, no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, escala de persoal axente de inspección, especialidades de vixilancia de estradas e de mobilidade.

A DXEPAP informa aplicará o Acordo sindical publicado por Resolución do 28 de novembro de 2018, da Secretaría Xeral de Emprego sobre o persoal laboral da Axencia Galega de Infraestruturas e a. posterior Resolución do 16 de xuño de 2020 de publicación da addenda ao referido Acordo, se acepta a proposta das organizacións sindicais:

- ✚ **Poderá participar nesta promoción interna o persoal do grupo IV, categoría 31**, do cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia, sempre e cando reúna os restantes requisitos establecidos nesta convocatoria.
- ✚ Será un **proceso selectivo por concurso-oposición**, 80% oposición e 20% mérito.
- ✚ **As probas das diferentes especialidades non coincidirán en horario** para que se poida participar.

Tendo en conta a toma en consideración destas cuestións, **UGT votou a favor, tamén CCOO e CSIF e CIG valorou a alegacións estimadas e votou abstención.**

Sobre o total de prazas, manifesta que son as convocadas OPE, as restantes iran a na seguinte OPE

### Varios

- **Carreira e desempeño** está resolto o 80% de solicitudes
- **Buzón** do 8 de abril, axentes medioambientais, **retirou 6 prazas e engadiu 12**, atendendo as alegacións dos sindicatos.
- **Proxecto piloto listas contratación Consorcio** pendente de incorporar **PSX e xerocultoras. Manifestamos queixa rotunda** a obrigar a xudicializar e logo acudir o xuzgados reiteradamente para requerimentos de execucións de sentenzas firmes, é totalmente abusivo.
- Elevará de novo a **Consellería reiteración da solicitude de negociación Acordo condicións de traballo persoal non docente**. (se comprometerán, cando se fixeran os de outros colectivos e segue pendente).
- **Criterios de incorporación de prazas a buzóns de tomas de posesión de OPE**, reiteran a DT lei medidas de ofertar prazas suficientes, **mesmo número postos que persoas para toma de posesión**, e refiren que poden estruturar a información pero insisten en que a resolución conxunta de traslados e OPE lei 20/2021 presenta unhas características diferentes. Os criterios xerais en OPE ordinaria é todas as prazas de persoal interino ou temporal aprobado, seguido do persoal con ata 3 anos de temporalidade por orde de tempo de contrato, e si non chega completar con comisións de servizo.
- **Retirada de postos do concurso de traslados**, non comparte que quedarán en dar datos de extensións de sentenzas, son os que aparecen en roxo nos buzóns, e reitera que non afectan a prazas en oferta para toma de posesión logo de resolución definitiva. **Revisaran tema de listas de chamamento** de contratación temporal **lei 17/89**.
- **PROXIMAMENTE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO CONCURSO DE CORPOS XERAIS, E POSTERIOR TOMA DE POSESIÓN**